



37ª EDICIÓN

Edicións Xerais de Galicia convoca a trixésimo sétima edición do **PREMIO XERAIS DE NOVELA** en lingua galega, dotado con 10.000€, que se rexerá polas seguintes

BASES

- 1ª.** Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento. As persoas que xa gañasen algunha das cinco edicións anteriores non poderán presentarse a esta.
- 2ª.** De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé ou calquera outro soporte informático no que se incluírá a obra en formato pdf, antes do día 1 de abril de 2020 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S. A., rúa Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo.
- 3ª.** Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, nun único sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Xerais de Novela.
- 4ª.** Cada orixinal será presentado unicamente a unha das tres modalidades dos Premios Xerais (Novela, Infantil ou Xuvenil).
- 5ª.** O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S. A. O premio outorgarase por maioría de votos.
- 6ª.** A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio e este emitirá o seu veredicto o día 6 de xuño.
- 7ª.** A entrega do premio terá lugar na Festa Xerais que se celebrará no mes de outubro.
- 8ª.** O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.
- 9ª.** Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os tres mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.
- 10ª.** Xerais poderá publicar calquera das obras presentadas a concurso, sempre e cando conte coa conformidade e aceptación da autora ou autor.
- 11ª.** Os orixinais non premiados non se devolverán e serán destruídos.
- 12ª.** A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2020